

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 26 de abril de 2022, sobre os nomeamentos dun vogal e o seu suplente para o tribunal do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do corpo superior do Parlamento de Galicia

María Miramontes Castro, funcionaria do corpo superior da Administración da Xunta de Galicia, que foi designada, por resolución desta Presidencia do 15 de outubro de 2021, vogal do tribunal do proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas da escala técnica de publicacións do Parlamento de Galicia, perdeu a súa condición de funcionaria de carreira o pasado 15 de abril pola súa xubilación, e polo tanto deixou de formar parte do antedito tribunal.

De conformidade co disposto no punto quinto das bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo referido, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 15 de xuño de 2021,

RESOLVO:

- Nomear a Anxo Teixeira Piñeiro como vogal titular 3 do tribunal
- Nomear a Xosé Torres Romar como vogal suplente 3 do tribunal

Santiago de Compostela, abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente